

VÍA ROMANA NOS CONCELLOS DO PINO E BOIMORTO (Á CORUÑA — GALICIA): VESTIXIOS ARQUEOLÓXICOS E PROBABLE TRAZADO

por

Fermín Pérez Losada *

O principal obxectivo desta comunicación é dar a coñecer unha serie de xacementos e materiais arqueolóxicos inéditos ou deficientemente publicados que determinan con certa probabilidade a existencia dunha vía romana no interior sur da provincia da Coruña, cun trazado xeral que parece unir as cidades de Santiago e Lugo. Destacan esencialmente os xacementos de Santiso-Igrexa (Castrofeito, O Pino) e de Ponte Puñide (Gonzar, O Pino), ós que habería que engadi-lo marco miliario do barrio de Asientos en Boimorto. Procederemos en primeiro lugar a expoñer sucintamente estes datos para posteriormente tentar interpretalos dentro do contexto da vía onde se sitúan e así poder achegarnos á reconstrución do seu posible trazado¹.

OS XACEMENTOS

A primeira estación arqueolóxica da que imos falar atópase a uns 15 Qms. de Santiago, moi próxima ó Aeroporto de Lavacolla, á beira da estrada que leva a Curtis. A nivel cartográfico sitúase na follas 5-7 (95) escala 1: 50.000 da edición do *Servicio Geográfico del Ejército*. As súas coordenadas UTM son 29TNH487529 (vía e vestixios asociados) e 29TNH491524 (castro e necrópole); Altitude: 365 mts. (vía), 350 mts. (castro) e 333 mts. (necrópole). Administrativamente pertence á parroquia de St^a María de Castrofeito no Concello do Pino.

* (Depto. de Historia I, Fac. de Xeografía e Historia, Univ. de Santiago).

¹ A realización deste artigo non sería posible sin a colaboración prestada por G. Meijide Cameselle e E. Rey Seara no traballo de campo, de F. Acuña Castroviejo e A. Rodríguez Colmenero na lectura das inscricións e de X.M. Caamaño Gesto de J. Naveiro Lopez na interpretación xeral da vía. A todos eles as nosas grazias. A foto IV é da autoría de G. Meijide.

Nesta zona atopámonos cun área relativamente restrinxida que conta con importantes vestixios de romanización (Lam. 1). O surleste da actual estrada e da aldea de Santiso (tamén denominada Beis-Sada) sitúase o castro («A roda» na denominación popular) ocupando un pequeno espolón topográfico. As súas dimensións son considerables (eixo N-S: 100 mts. L-O: 80 mts.) e está protexido cum importante parapeto de terra por desgracia hoxe case totalmente destruído. Aparentemente non presenta ningún vestixio de romanización (no séu interior só foi posible atopar algúns anacos de cerámica común de tradición indíxena) aínda que conta cunha necrópole romano-medieval na súa aba sur-surleste e ademais o propio folklore popular o relaciona co xacemento romano de Santiso: «os mouros vivían na agra de Santiso, e na Roda era onde ían celebra-la feira», segundo nos dixo unha veciña de Santiso de avanzada idade.

Seguindo a caída natural do terreo cara ó surleste, nunha zona de suave pendente denominada «finca do Xuez» situada xa entre as primeiras casas do lugar de Igrexa, é onde debeu de localizarse a necrópole. Temos referencias do descubrimento por mor dunhas obras a carón da pista dunha tumba de inhumación de tipo trapezoidal con caixa e tampa de lousas de pedra e mais doutras semellantes existentes nas proximidades da «casa do Xuez». Na primeira foi atopado un pequeno fragmento de *terra sigillata* sin identificar² e espallados pola finca aínda son visibles algúns fragmentos de tégula. Onde a igrexa parroquial existe ademais un sartego pétreo de tipo antropomorfo. Consideramos que estes datos, aínda que escasos, son suficientemente indicativos da existencia dunha necrópole de inhumación na zona que provisionalmente datamos de época romana (*terra sigillata*, tégulas) e altomedieval (sartego antropomorfo) sen que sexa posible polo momento poder facer maiores precisións cronolóxicas.

Os vestixios arqueolóxicos de maior importancia para o noso propósito ubícanse sin embargo á outra banda da estrada xeral na zona denominada «agra de Santiso», nas inmediacións da capela do mesmo nome. As leiras e fincas desta agra dispóñense en estreitas franxas de terreo dirección aproximada noroeste-surleste, mais ou menos perpendiculares ó Camiño Real e á actual estrada. Todas elas están cruzadas polo que os veciños da zona denominan un «serrón», ou sexa, unha estreitísima franxa de terreo duns 5 mts. de anchura media e dirección aproximada suroeste-norleste onde non medran os cultivos dada a existencia no seu fondo dunha mistura de terra e pedras moi dura e compacta (segundo dñn os labregos) que é precisamente o que impide o normal crecemento dos mesmos. Este «serrón» é fácilmente discernible en superficie nunha lonxitude aproximada duns 250 mts., en especial nas leiras que están a

² Este fragmento foi referenciado nun pequeno traballo de Curso e examinado posteriormente polo Prof. Caamaño Gesto, quen confirmou que en efecto se trataba dun anaco de *terra sigillata*.

millo, pequeno e seco o da zona central, verde, forte e alto o das beiras, indicando claramente a presenza de cunetas que delimitaban e definían o antigo camiño agora soterrado³.

A evidencia deste «serrón» que segundo a nosa interpretación corresponde ó trazado dunha antiga vía romana ven confirmado polo achado ó seu carón de diversos vestixios arqueolóxicos romanos: con motivo da realización de obras para a construción dun chalet e mais dunha piscina ubicados na zona, o seu propietario atopou un muro de dirección sensiblemente paralela ó da vía, unha basa de columna granítica de considerables dimensións e multitude de fragmentos de cerámica común e de construción (tégulas e ímbrices) que aínda se poden ver na actualidade espallados polo chan. Noutra casa próxima aínda en construción se nos dixo que ó facerenllos cimentos tamén apareceren muros soterrados e mais unha continua «capa de escombros» (segundo a describían os albañiles) que contiña moitas pedras, anacos de cerámica e tégulas, que evidentemente debe corresponder ó nivel de derrube das edificacións romanas. Por último noutra leira adxacente tamén cruzada polo «serrón», inspeccionada en 1975 por Fernando Acuña Castroviejo e Xosé Manuel Caamaño Gesto, foron recollidos diversos fragmentos de tégula, ímbrice, cerámica común e incluso algún anaco de *terra sigillata*, ademais de dúas inscricións fragmentarias actualmente expostas no claustro da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago e que pasamos a comentar a continuación.

Ámbolos dous epígrafes son votivos e están inéditos. De acordo co principal obxectivo e finalidade deste artigo — o estudo da vía — non pretendemos aquí facer unha análise epigráfica exhaustiva dos mesmos, que sin dúbida o merecen, senon sómentes presentalos sucintamente e tentar obter deles a maior cantidade posible de información que nos ilumine sobre da entidade e cronoloxía do xacemento onde foron atopados.

A primeira das aras mide 58 cms. de alto por 23 cms. de fronte e mais de fondo; o campo epigráfico é de 30 x 20 cms. As letras miden 7 cms. de altura media e 2 cms. os espazos interlineares. A grabado dos caracteres non é excesivamente bó, en parte debido a que o granito utilizado é de gran bastante groso. Presenta dúas molduras e dous *foculi* na parte superior, estando fragmentada toda a banda esquerda (Foto I).

Lectura e transcripción:

... ALE/ARCI (us)/V(otum) P(osuit)

³ Evidentemente é só na época de crecemento dos cultivos e especialmente antes da colleita cando mellor se pode apreciar a existencia do «serrón». Por desgracia carecemos dunha boa fotografía aérea oblicua a baixa altitude que poida denotalo fehacientemente, tal como a chamada «arqueoloxía aérea» ten demostrada noutras zonas do Imperio con grande éxito (D.R. WILSON: *Air photo interpretation for Archaeologists*, Londres, 1982; R. AGACHE: *La Somme pré-romaine et romaine*, Amiens, 1978).

A primeira liña corresponde claramente ó nome da divindade á que se adica a ara; infelizmente descoñecemos-la raíz do nome da mesma, o que nos impide identificala; soamente se podería apuntar que posiblemente sexa unha deusa, dada a terminación en — *e*, forma evolucionada da desinencia feminina — *ae*. O adicante da segunda liña case con total seguridade debe ser un *Arcius*, testemuñado nas localidades portuguesas de Vila Real (CIL II Sup. 5556) e Ninho do Açor na Beira Baixa (ILER 943), aínda que a súa forma mais corrente no Noroeste Peninsular é a de *Arquius* (ILER 659, 903, 5898 e 6283); o «I» final é dubidoso⁴. A fórmula adicatoria da última liña non é moi corrente na epigrafía latina, aínda que conta con paralelos na propia Hispania (CIL II Sup. 5706).

A segunda inscrición é un fragmento de *arula* de 28 cms. de alto, 20 cms. de fronte e 12 cms. de fonfo. As letras, moi ben grabadas, miden 4 cms. de alto e 2 cms. os espazos interlineares. A pedra, de granito de gran fino, presenta dúas molduras e tres *foculi* na parte superior (Foto II).

Lectura e transcripción:

L(aribus) V(ialibus)/VALO/...

Coincidimos con A. Tranoy en que a ara está adicada ós *Lares Viales*⁵, a pesar do problema que supón a súa excesiva abreviación dado que nos outros 19 epígrafes deste tipo detectados na *Gallaecia* o nome destes deuses sempre aparece transcrito por extenso⁶. Na segunda liña aparece o nome incompleto do adicante que probablemente continuaría na liña seguinte onde só é posible intuír as partes superiores de dúas letras inidentificables; posiblemente se trate dun *Valoddus* testemuñado en Sasamón (CIL II Sup. 5812) ou ben dun *Valonius* (SCHULZE 376). Os nomes de raíz *Valo* — son de tódolos xeitos moi pouco correntes na antroponimia latina.

A estes dous epígrafes hai que somar outro igualmente inédito hoxe tamén no claustro da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago, e que foi entregado alí nos primeiros anos da década dos 70 por N. Ares Espada como procedente de Castrofeito⁷. Descoñecemos-lo lugar exacto onde foi recuperada a peza aínda que, dado que é de tipo funerario, é lícito supoñer que proveña da área da necrópole. (Foto III).

⁴ O Prof. Rodríguez Colmenero insinuounos a posibilidade de que o CI final desta liña poida ser lido como un Q, co que adicante sería un *Arquius*, aínda que esta hipótese é difícil de aceptar dado que os rasgos do C e do I non se chegan a unir no ángulo superior dereito.

⁵ A. TRANOY refêrencia esta inscrición como inédita no seu libro *Le Galice Romaine*, Paris, 1981, p. 211.

⁶ A máxima abreviatura que poidemos localizar é a da ara de Fragoso en Xeve (IRG III 26) que contén a fórmula LARIBUS V(ialibus). Sobre da entidade e características destas divindades no NO. véxase F. ACUÑA CASTROVIEJO: *Los Lares Viales en la Galicia Romana*, Actas do II Congreso Nacional de Arqueología, II, Coimbra, 1971, pp. 353-357.

⁷ Información verbal proporcionada por F. Acuña Castroviejo.

A inscrición está fragmentada na parte superior pero por sorte a fractura non afectou ó texto, que se conserva íntegro. A pedra mide 60 cms. de alto, 36 cms. de fronte e 20 cms. de fondo. O material é granito fino de boa calidade. As letras, do tipo capital cadrado, están moi ben grabadas e miden 6 cms. de media; espacios interlineares: 1 cm.

Lectura e transcripción:

D(iis) • M(anibus)/GRAPHĪ/CI • AUG(ustini ?)/
/DIDIA/GRAPHĪ/CE • F(ilio) • DUL(issimo)•

Traducida ó galego ven dici-lo seguinte: «Ós Deuses Manes de Gráfico Augustino (?); Didia Gráfica (puxo este monumento) ó seu fillo dulcísimo». Esta interpretación plantexa o problema da reconstituición do *cognomen* do difunto, testemuñado con esta mesma forma abreviada noutras inscricións (ILER 2265, 3592 e 3662) e que podería corresponder a *Augendus*, *Augurinus*, *Augustanius*, *Augustanus*, *Augustinos* ou *Augustus*, todos eles testemuñados en *Hispania*; optamos pola forma *Augustinus* simplemente por ser aquela que máis veces — cinco — está testemuñada na Península. Outra dificultade radica en que o *nomen Graphicus*, tomado, ó parecer, do *cognomen* da nai, non aparece testemuñado como tal en ningún repertorio de antroponimia latina dos consultados (CIL, ILAR, SCHULZE, KAJANTO, FORCELLINI, etc.) senón sempre como *cognomen*. A presenza de nomes gregos parece indicar claramente que nos atopamos cunha liberta e o seu fillo⁸. A suxestiva hipótese de que o AUG do fillo na terceira liña poida ser interpretado como AUG(usti) [L(iberti)] móstrasenos como imposible ó té-la nai *nomen e cognomen e*, polo tanto, non poder ser esclava; esta hipótese só podería ser aceptada no improbable caso de que o F • DUL da última liña estivese en nominativo concordando co nome de Didia Gráfica — DIDIA GRAPHICE F(Ilia) DUL(cissima) — sendo neste caso a filla quen adica a inscrición ó seu pai, o liberto imperial *Graphicus*.

A boa calidade do epígrafe (letras capitais cadradas moi ben grabadas, excelente ritmo e paxinación) unido ó emprego da fórmula *Dii Manibus* inclínanos a data-la inscrición no século II ou posterior. Unha datación semellante, ou quizais un pouco máis tardía, é a proposta para a ara comentada en primeiro lugar, con base no dato da perda da desinencia — *ae* e a súa simplificación en — *e*.

En conxunto, os datos que nos proporcionan estas tres inscricións sobre a entidade e características do xacemento de onde proceden é que nos encontramos nun medio fortemente romanizado (presencia de libertos) e que ademais o enclave é sin ningún tipo de dúbida claramente viario (ara ós *Lares Viales*)

⁸ I. CALABI LIMENTANI: *Epigrafia Latina*, Milano-Varesse, 1968, pp. 161-163. Véxase tamén J. MANGAS MANJARRES: *Esclavos y Libertos en la España Romana*, Salamanca, 1971.

como por outra parte confirman os restos topográficos e arqueolóxicos atopados. Non nos atrevemos a identificalo con algunha *mansio* importante, senón mais ben, a tenor da categoría dos achados e da relativamente reducida extensión dos vestixios, cunha *mutatio*⁹ ou, por empregar unha expresión moderna, un *relais routier* semellante ós excavados en Chameleux (Bélxica) ou Böckweiler (Sarre) estudados por Mertens¹⁰. Voltando ó plano de situación da Lam. I resulta moi interesante comprobar como os trazados da vía romana, o antigo Camiño Real e a actual estrada Santiago-Curtis manteñen idénticas direccións paralelas pero afastados uns 60 mts. un do outro demostrado, como si dunha «estratigrafía horizontal» se tratase, como o paso do tempo vai modificando a rede de comunicacións na procura de trazados mais cortos e axeitados ás necesidades dos tempos, pero sin esquece-la base que supón o primixenio sistema viario romano.

O segundo xacemento ó que faciamos referencia sitúase a uns 7 qms. de distancia do anterior, tamén á beira da estrada Santiago-Curtis, no lugar de Ponte Puñide, parroquia de Gondar, Concello do Pino, nun punto moi axeitado para face-lo paso do río Mera. Localízase na mesma folla 5-7 (95) da planimetría 1: 50000 do *Servicio Geográfico del Ejército*, a unha altitude de 260 mts. e cunhas coordenadas UTM de 29TNH544555.

A estación arqueolóxica está constituída por unha ponte antiga sobre o Mera (que foi precisamente á que deu nome ó lugar), polo Camiño Real ou dos arrieiros, que nesta ocasión coincide co trazado da vía romana, e mais por un asentamento romano na saída da ponte a ámbolos dous lados da vía no que se teñen recuperado importantes pezas arqueolóxicas. (Lam. 2).

Sen dúbida algunha o achado mais importante é o coñecido modio de bronce atopado en 1913 xustamente no punto indicado na Lámina. A peza foi estudada nos anos inmediatamente posteriores ao achado por eruditos como García Romero, Martínez Salazar ou Ureña, e xa mais recentemente e dun xeito mais exhaustivo e científico, por Alberto Balil nun excelente artigo¹¹. Non pretendemos aquí e agora repetir tódolos datos e conclusións obtidos neste traballo, senón soamente destacar algúns aspectos que nos poidan achegar información sobre da entidade do xacemento onde foi atopado.

⁹ Sobre da historia e significado latino desta palabra e a súa relación con outras (*mansio, statio*) véxase G. HUMBERT: voz *Cursus Publicus*, DS, I-2, pp. 1645-1672.

¹⁰ J. MERTENS: *Le relais routier de Cahmeleux*, *Archaeologicum Belgii Speculum* 1, Bruxelas, 1968.

¹¹ C. GARCÍA ROMERO: *El modio de Ponte Puñide*, BRAG, VII, 1914, pp. 273-287 e *El modio romano y el modio de Gonzar*, BRAG, VIII, 1915, pp. 34-43, 113-120 e 145-152; A. MARTÍNEZ SALAZAR: *El modio de Ponte Puñide*, BRAG, VII, 1914, pp. 170-184; R. GIL MIQUEL: *Modio romano, de bronce, hallado en Ponte Puñide*. *Adquisiciones en 1930. Nota descriptiva.*, Museo Arqueológico Nacional, Madrid, 1932; R. DE UREÑA: *El modio de Ponte Puñide*, BRAG, LXVI, 1915, pp. 485 ss.; A. BALIL: *El modio de Ponte Puñide (Gonzar, Pino, Coruña)*, Gallaecia, 7-8, 1984, pp. 179-186.

Como é ben sabido, o *modium* é unha medida romana de capacidade tanto para sólidos como para líquidos; o de Ponte Puñide posúe na parte superior da cara externa unha importante inscrición que é a que precisamente permite datalo con precisión no ano 369-370 d.C.:

MODII/ L(ex) IUXTA SACRAM IUSS [ON] NEM DDD (ominorum)
NNN (ostrorum) VALENTINIANI VALENTIS ET GRATIANI
INVICTISSIMRUM/PRINCIPUM IUBENTE MARIO ARTEMIO
V(iro) C(larissimo) AG(ente) VICAR(iam) P(raefecturam)
CUR(antibus) POTAMIO ET QUENTIANO PRINCIPALIBUS.

A *lex iuxta* á que se refire o texto non se conserva pero outras análogas aluden á colocación de xogos de pesas e medidas á disposición do público en *stationes*, e de *modii, sextarii et pondera* en *mansiones et singulae civitates*; o modio, polo tanto, tiña un carácter oficial en relación coa percepción de tributos (trigo, cebada ou viño). O conxunto destes datos infórmanos sobre o probable carácter estatal e oficial do asentamento, confírmannos que efectivamente este é de tipo viario, e ademais apuntannos a posibilidade de que esteamos fronte a unha *mansio*, segundo se desprende do contido da lei.

Nalgún punto non localizado deste mesmo xacemento tamén foi atopado en data descoñecida unha estatuíña broncea dun *genius* estudada por F. Acuña Castroviejo¹². A peza pertence á categoría dos xenios togados familiares e está datada de época Hadrianea.

Recentemente nos mesmos tivemos-la sorte de atopar en superficie no punto indicado na Lámina un mediano bronce de Traxano en excelente estado de conservación¹³ (Foto IV). A moeda pesa 26, 1 grs. e foi acuñada en Roma. No anverso ten a cabeza do emperador laureado ollando á dereita e a lenda seguinte: IMP(erator) CAES(ar) NERVAE TRAIANO AUG(usto) GER(manico) DAC(ico) P(ontifex) M(aximus) TR(ibunicia) [P(otestate) CO(n)S(ul) V(quinque) P(ater) P(atriae)]. No reverso aparece a *Concordia* sentada cara á esquerda facendo un sacrificio cunha *patera* sobre un altar encendido, e a lenda dí: S(enatus) P(opulus) Q(ue) R(omanus) OPTIMO PRIN- CIPI // S(enatus) C(onsultus)¹⁴. O numisma dátase nos anos 103-111 d.C., anos correspondentes ó quinto consulado do emperador Traxano¹⁵.

Outros restos arqueolóxicos relevantes exténdense a carón do antigo camiño, actualmente xa desaparecido a partir da súa saída da ponte. En diferentes visitas de campo nos mesmos puidemos recoller en superficie abundantes fragmentos de tégula, ímbrice e cerámica común, así como dous

¹² F. ACUÑA CASTROVIEJO: *Nota encol de dous xenios atopados en Galicia, Gallaecia*, 3-4, 1979, pp. 287-289.

¹³ Visita de campo realizada en Marzo de 1988 xunto con G. Meijide con motivo de elaboración dun informe para a Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia.

¹⁴ RIC, II, 496.

¹⁵ MIR, I, pp. 82-84.

abundantes fragmentos de tégula, ímbrice e cerámica común, así como dous pequenos anacos de cerámica romana, un deles pertencente a un prato de engobe vermello interior e o outro dunha peza de *terra sigillata hispánica* de forma inidentificable dado o seu reducido tamaño. García Romero no seu artigo de 1914¹⁶ tamén referencia que na súa visita de campo levada a cabo en Setembro do ano anterior puido ve-los cimentos dun muro de 50 cms. de ancho que rodeaba a finca, feito a base de pizarras e tégulas, multitude de ímbrices e tégulas espalladas polo terreo (das que realiza un pequeno estudio tipolóxico con base nos rebordos), moitas delas con dixitacións e incluso algunha con marcas R ou K, e anacos de cerámica común «de barro parduzco y negro», algunhas delas de forma semellante «a las tazas para el caldo».

Respecto á ponte, hoxe case totalmente sumerxida nas augas do pequeno encoro que forma a presa que hai augas abaixo, pódese dicir que está formada por dous arcos de medio punto que se elevan case 2, 5 mts. sobre o nivel actual do leito do río, e converxen nun pilar central protexido cun considerable tallamar de obra de forma sensiblemente triangular. A parte superior é plana, está pavimentada de pedras, e mide 17 mts. de longo por 3, 40 mts. de ancho. Todo o aparello constructivo é de pedras de xisto aínda que, segundo nos informou unha veciña dunha casa adxacente, na cara interna dun dos arcos existe un «letreiro» de granito que quizais poida ser unha inscrición romana reutilizada. A tenor da tipoloxía constructiva da ponte (arcos de medio punto, parte superior plana, etc.), o paso ben testemuñado dunha vía romana, e a existencia dun xacemento desta mesma época á súa saída, nada obsta para considera-la ponte como romana, aínda que na nosa opinión preferimos datala de época xermánica ou altomedieval, con base na posible inscrición romana reutilizada na súa construción e no propia orixe latina do topónimo Puñide que debe remontar ó xenitivo dun hipotético *Pugnitius*, característica forma xermánica e altomedieval de formación de nomes de lugar a partir de antropónimos¹⁷.

En conxunto atopámonos en Ponte Puñide cun establecemento viario importante que, a xuzgar polo contido e interpretación da inscrición do modio e pola propia categoría dos outros achados ben podería ser considerado unha *mansio*, aínda que a esta posibilidade parece opoñerse a reducida extensión de xacemento. A estación arqueolóxica témola ben datada gracias ós materiais arqueolóxicos que apuntan un horizonte cronolóxico que vai desde os comezos do século II (moeda, xenio) ata o segundo tercio de século IV d.C. (modio).

¹⁶ C. GARCIA ROMERO: *Otra nueva estación romana*, BRAG, VII, 1914, pp. 121-124.

¹⁷ O antropónimo *Pugnitius* non está testemuñado nos reportorios de antroponimia latina, pero si *Pugnus* (KAJANTO, 225) de onde debe ter derivado. Sobre o sistema e cronoloxía da formación de topónimos a partir da forma xenitiva de antropónimos latinos véxase o capítulo «La evidencia toponímica» pp. 42-104 de F. PEREZ LOSADA: *Aproximación al poblamiento rural romano del Conventus Lucensis*, Tese de Licenciatura inédita, Santiago, 1986.

○ MILIARIO

O miliario de Boimorto, ou mais estrictamente, o cipo ou columna honorífica de Boimorto (o epígrafe non ten indicación de millas) foi atopado por unha pá mecánica que explanaba terras á beira Norte da estrada urbana de Boimorto, á altura do barrio de Asientos-O Real (outra vez estamos na trazado do Camiño Real Santiago-Lugo por Sobrado dos Monxes) o día 5 de Abril de 1981. A pedra foi descuberta e estudiada en primeira instancia por Luis Monteagudo, quen a publicou o mesmo ano nunha nota de prensa¹⁸. Actualmente atópase colocada na parte traseira da nova Casa de Concello.

A pedra é unha columna circular de granito de 245 cms. de alto por 60 cms. de diámetro medio. Actualmente está en pé enterrado uns 70 cms. na base. A inscrición consérvase completa, aínda que é de moi dificultosa lectura dado que os surcos en U que definen as letras están moi esvaídos e en moitos casos claramente determinados polos grandes graos de cuarzo que ten a pedra. As letras teñen unha altura media de 6 cms., aínda que varían entre os 10 e os 5 cms. Espacios interlineares: superior 23 cms.; intermedios de 2 a 5 cms.; inferior 105 cms. (Lam. 3).

A transcripción do texto é a seguinte:

IMP (eratori) CAES (ari) G(aio) • IVL(io)
VEROM (a) [X]SIMO P(io)
FELICI • AVG(usto) • GERMA(nico) • M(aximo)
DACI (co) • M(a)X(imo) • SAR(matico) PONT(i)F(ici)
5 MAX(imo) • TRIBI (unicia) POTES(tate) • IMP(eratori)
VII(septies) • P(atri) • P(atriciae)CO(n)S(uli) PROCO(n)S(uli) ET
G(aio) IVL(io) VERO M(a)XSIMO
NOB (i)LICC(i)MO [CAES(ari)] • DACICVS
M(a)X(imus) • SAR[MA(tico)] PRINCIPE IV
10 [E]NTVTIS FILI(o) N(o)S(tri) D(omini)
G(aii) IVLI(i) [MA]XIM(i)NI
P(ii) F(elicis) AV[G(usti)]

A grabación do texto caracterízase por unha moi deficiente paxinación (as liñas son ondulantes e as súas lonxitudes varían entre os 55 cms. da nº 12 ata os 160 cms. da nº 8), multitude de *errata* (letras e palabras confundidas ou mal construídas) e un claro descoñecemento da gramática latina (anómalamente todo o texto está redactado en dativo — o normal sería o nominativo — e ademais na liña 8 salta repentinamente ó nominativo en *Dacicus* para inmediatamente voltar ó dativo na liña seguinte), fallos todos eles atribuíbles á impericia do lapicida e en parte tamén á mala calidade do granito, de graos de cuarzo

¹⁸ El Correo Gallego, 19-IV-1981, pp. 14-15.

tan grosos que impiden en moitos casos unha adecuada grabación dos caracteres.

Folga dicir que o cipo honorífico está adicado a Maximino e Máximo e que está datado no 238 d.C., ano en que o emperador recibe o título de *imperator VII*, morrendo o mesmo ano pouco tempo despois.

Comentario á transcripción:

- Liña 1: Dificultades de lectura en CAES sobre todo no S final do que non se consegue aprecia-lo rasgo da curva inferior.
- Liña 2: Dificultades de lectura en VERO. *Maximo* é un *erratum* por *Maximino* (liña 11). Reconstruímoslo con grafía XS por semellanza coa liña 7. Monteagudo lee MACSIMO.
- Liña 3: *Germanico Maximo* en 236 d.C. Monteagudo le GERMAN, aínda que a interpunción está bastante clara.
- Liña 4: *Dacico Maximo e Sarmatico (Maximo)* en 236-237 d.C. O lapicida esqueceu escribi-lo MAX calicativo de SAR(matico), tal como tamén acontece na liña 9. *Erratum* na grafía de PONTF onde o T aparece con forma de L.
- Liña 5: *Erratum* e pésima grafía do TRIB(unicia) onde parece que o inhábil lapicida duplicou o I. Falta o número da potestade tribunicia, que debería se-lo V.
- Liña 6: IMP(erator) VII en 238 d.C. *Erratum* na conxunción ET que aparece con grafía ER.
- Liña 7: Grafía anómala de MXSIMO por MAXIMO.
- Liña 8: Múltiples fallos na grafía de *nobilissimo*: as dúas S aparecen con forma C e ademais faltan os I pretónico e postónico (Monteagudo interpreta isto como «el primer documento gallego de la caída de las vocales protónica y postónica»). *Erratum* en *Dacico* que aparece escrito en nominativo.
- Liña 9: Lectura dubidosa do X de M(a)X. Múltiples *errata* na grafía de PRINCIPE (N e P con grafía R). Monteagudo le N no final da liña; na nosa opinión se trata dun IV con nexa que concorda mellor co resto da palabra na liña seguinte.
- Liña 10: A grafía IVENTUTIS por IVENTUTIS está testemuñada noutros

miliarios galaicos deste mesmo emperador¹⁹. A fórmula N(o)S(tri)D(omini) tamén é anómala por D(omini)N(ostri).

Liña 11: Problemas na lectura e reconstrucción de MAXIMINI.

Liña 12: Grafía errónea do F que aparece con grafía P. A reconstrucción de AVG(usti) parece clara por similitude con outros miliarios deste mesmo emperador que tamén rematan de igual xeito²⁰.

Este miliario eleva a 27 a cifra dos miliarios de Maximino e Máximo atopados na *Gallaecia*: 4 foron descubertos en Braga e os restantes pertencen ás vías XVII (1), XVIII (13), XIX (6), Chaves-Astorga (1) e Chaves-Ourense (1) segundo se recolle no cadro seguinte:

MILIARIOS DE MAXIMINO E MAXIMO EXISTENTES NA GALLAECIA

nº	Vía	Localización	Referencia
1	Braga	Braga	CIL II 4756
2	"	"	CIL II 4757
3	"	"	CIL II 4758
4	"	"	CIL II 4759
5	Vía XVII Braga-Astorga	Possacos	CIL II 4788
6	Vía XVIII Braga-Astoga	Foncuberta	IRG IV 45
7	" " " "	Zadagós	IRG IV 33
8	" " " "	Vilar de Santos	CIL II 4858
9	" " " "	Baños de Bande	IRG IV 30
10	" " " "	Torneiros	IRG IV 26
11	" " " "	Campo das Moruás	EE VIII 238
12	" " " "	" " "	EE VIII 240
13	" " " "	Portela do Homem	CIL II 4834
14	" " " "	" " "	CIL II 6222
15	" " " "	Albergaria	CIL II 4831
16	" " " "	Campo do Gerês	CIL II 4826
17	" " " "	" " "	CIL II 4828
18	" " " "	Dornelas	Martins 115-116
19	Vía XIX Braga-Lugo	Pontevedra	EE IX 240
20	" " " "	Ponte do Couto	IRG III 6
21	" " " "	Antas	CIL II 6228
22	" " " "	Berniandos	CIL II 4870
23	" " " "	Correlhã	CIL II 4874
24	" " " "	Fornelos	B. Almeida 144
25	Vía Chaves-Astorga	Vinhais	Barradas C-2
26	Vía Chaves-Ourense	Xinzo de Limia	IRG IV 32

¹⁹ Números 1, 2, 21 e 22 do cadro de miliarios.

²⁰ Por exemplo o nº 2 do cadro de miliarios.

A presenza dun número tan elevado de miliarios destes emperadores na *Gallaecia* compréndese, mais que por razóns honoríficas ou políticas, pola existencia dunha importante obra de restauración e conservación de vías e pontes levada a cabo por Maximino e Máximo dado o deficiente estado de conservación que estas presentaban desde a última etapa de construción e restauración de vías que remonta á época de Hadriano²¹. Supoñemos que tales traballos tamén deberon afectar á vía que nos ocupa, xa moi degradada desde a súa construción que provisionalmente datamos de comenzos do século II con base na cronoloxía dos vestixios arqueolóxicos atopados en Castrofeito e Ponte Puñide. As obras foron realizadas por Quinto Decio Valerino, *legatus Augusti*, tal como se recolle na fórmula *Vias rei pontes tempore vetustate conlapsos restituerunt curante Q. Decio Valerino leg(ato) Augg(ustorum) pr(o) pr(aetore)* grabada nun considerable número das columnas miliarias sinaladas (18 en total: n.ºs 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 23, 25 e 26).

Esquecéusenos apuntar que o miliario case con total seguridade foi atopado *in situ*, aínda que xa caído, segundo se desprende das circunstancias do achado (a finca onde se descubruíu a columna non é nin escombeira nin terra removida senón terreo virxe) e mais do feito de se ubicar á beira do antigo Camiño Real Santiago-Lugo por Sobrado.

A VÍA ROMANA

Un feito común ós tres xacementos arqueolóxicos viarios que acabamos de expoñer (Castrofeito, Ponte Puñide e Boimorto) é que os tres están ubicados a carón do Camiño Real Santiago-Lugo por Sobrado. Esta triple coincidencia é a que nos permite afirmar coa seguridade suficiente que os trazados do Camiño Real e mais da vía romana son maioritariamente coincidentes. O sentido xeral desta última é, polo tanto, a comunicación das cidades de Santiago (onde hai restos romanos importantes, aínda que descoñecemos a qué tipo de asentamento pertencen) e da capital do convento *Lucus Augusti*.

Para a reconstrución do trazado da mesma ímonos guiar, a falta dunha prospección exhaustiva de campo que aínda está por facer, polas informacións contidas no coñecido Dicionario de Madoz, ó traveso das que se pode reconstruír parroquia por parroquia o percorrido da antiga «Vereda Real de Santiago a Lugo por Sobrado» segundo a define o propio autor²².

Saíndo de Santiago e ata chegar a Lavacolla, a «vereda» coincide co Camiño de Santiago. Pasado o actual aeroporto afástase do mesmo á esquerda

²¹ A. TRANOY: *Le Galice Romaine*, Paris, 1981, p. 398.

²² P. MADDOZ: *Diccionario Geográfico Histórico de España y sus Provincias de Ultramar*, Madrid, 1845. Foron consultadas todas as voces de parroquias polas que presumiblemente pasaba o camiño.

segundo *grosso modo* o percorrido da actual estrada Santiago-Curtis pasando polas parroquias de Castrofeito (xacemento de Santiso) e de Gonzar (xacemento de Ponte Puñide). Posteriormente, á altura de Marquiño, abandona a estrada de Curtis e continúa cara ó Leste pola banda sur das parroquias de Medín, O Campo (topónimo As Calles) e Mercurín (Capela da Mota) ata baixar a Boimorto (miliario; topónimos Real e Casa do Real). A vía prosigue o seu camiño polas parroquias de Boimil e Carelle (topónimo Pena do Real), pasa polo sur de Sobrado dos Monxes, e continúa por Codesoso ata o paso das Pías (topónimo Marco das Pías) por onde cruza a Serra do Bocelo, actual límite entre as provincias de Coruña e Lugo. A seguir descende polo val de Friol ó traveso das parroquias de Silvela (Madoz cita a existencia de dúas pontes de pedra antigas sobre o Cango nesta parroquia), Ramelle, Friol, Devesa, Cotá, Valalvite e Camoira, cruza o Miño pola ponte medieval do Hombreiro e sigue pola parroquia de Meilán ata unirse coa vía XX que desde *Brigantium* entraba en Lugo pola Porta Nova (Lam. 4). Boa parte do percorrido deste Camiño Real recollido por Madoz xa existía na época medieval, polo menos no seu tramo Lugo-Sobrado²³.

Se ben non existen grandes problemas á hora de reconstruí-lo antigo trazado da vía, si que existen maiores dificultades cando tentamos saber de que vía se trata. Na nosa opinión creemos que existen moitas posibilidades de que sexa a vía XIX do Itinerario de Antonino no seu tramo *Iria-Lucus* segundo se explica eazona a seguir.

Tradicionalmente a maioría dos investigadores adicados ó tema da rede viaria romana en Galicia veñen considerando que a unión entre as cidades de Iria e Lugo se levaría a cabo mais ou menos seguindo o transcurso, ou polo menos non moi lonxe, do medieval Camiño de Santiago (Blazquez, G. Arias, Monteagudo, Estefanía, Tranoy, etc.)²⁴, ó que sempre se lle supuxo unha orixe nunha vía romana preexistente. O enlace coa cidade de Lugo realizaríase, ou ben a partir de Melide por Vilouriz, Ponte Ferreira (mansión *Ponte Martiae* segundo N. Ares)²⁵, Retorta, Bacurín, Alto e A Ponte ó traveso do ramal do

²³ E. FERREIRA PRIEGUE: *Los caminos medievales de Galicia*, Anexo 9 do Boletín Auriense, Ourense, 1988, p. 242.

²⁴ A. BLAZQUEZ: *Vía romana de Braga a Lugo por el interior*, BCPMO, VI, 1918, pp. 111-115 e 133-136; A. BLAZQUEZ e A. DELGADO AGUILERA: *Vías de Sigüenza a Zaragoza, de Alhambra a Zaragoza, del Bierzo a Lugo, de Lugo a Betanzos, de Betanzos a Padrón, de Tuya a Padrón y de Padrón a Lugo*, Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades, 52, 1923, pp. 16-18; G. ARIAS BONET: *Los caminos del duumviro Lépidio y otras vías romanas*, *El Miliario Extravagante*, 4, 1964, pp. 71-85; L. MONTEAGUDO: *Carta de Coruña Romana Emérita*, XIX, 1951, pp. 191-224, XX, 1952, pp. 467-490 e XXV, 1957, pp. 14-80; M.D.N. ESTEFANIA ALVAREZ: *Vías romanas de Galicia*, *Zephyrus*, XI, 1960, pp. 5-104; A. TRANOY: *Op. cit.*, p. 217.

²⁵ N. ARES VAZQUEZ: *La mansión romana de Ponte Martiae*, BCPML, X, 1977-78, pp. 3-7.

camiño de peregrinación a Santiago para os romeiros que viñan de Lugo²⁶, ou ben por Palas de Rei e Guntín coincidindo *grosso modo* co trazado da actual estrada xeral Santiago-Lugo. Os partidarios desta segunda hipótese (Barros Silvelo, Blazquez, Monteagudo, Estefanía)²⁷ baséanse na localización da mansión *Marcie* ou *Ponte Martiae* (segundo o Itinerario de Antonino e as tabletas de barro de Astorga respectivamente) na parroquia de Marzán (poucos qms. ó oeste de Guntín) aducindo argumentos de orde toponímica de escasa credibilidade²⁸. A primeira hipótese, pola contra, ten maiores visos de verosimilitude, xa que de S. Román de Retorta procede un miliario de Calígula recuperado a comezos deste século e datado no ano 40 d.C. (IRPL, 93). Tamén existen diferentes hipóteses explicativas do trazado da vía no seu enlace con Iria, resumibles en dous grupos principais: aqueles que creen que a unión se faría polo baixo val do Ulla por Pontevea, Gándara (de aquí procede outro coñecido miliario de Calígula — IRG, I, 2 — de idéntica datación có anterior) e Aixón (durante moito tempo considerado como a mansión *Asseconia*)²⁹, e aqueles outros que opinan que a vía sobe desde Iria polo val de Amaía ata Santiago onde enlazaría co Camiño Xacobeo³⁰.

A realidade é que en todo o percorrido do Camiño de Santiago ata Melide ou Palas de Rei non se ten atopado ata o momento, que nos saibamos, ningún tipo de vestixio arqueolóxico viario romano que demostre que a teoría tradicional é certa. Soamente podería ser considerado como romano o ramal secundario Lugo-Melide con base no miliario de Retorta, si é que consideramos que efectivamente foi atopado en S. Román de Retorta e que se encontraba *in situ*³¹. O trazado que nos propoñemos, polo contrario, conta con suficientes vestixios arqueolóxicos inequívocamente viarios, supón un percorrido máis lóxico, rectilíneo e doado de viaxar para a comunicación terrestre Santiago-Lugo, e existe ademais outro argumento que o pode apoiar: a cercanía do campamento romano de Cidadela, importante establecemento militar que evidentemente

²⁶ E. FERREIRA PRIEGUE: *Op. cit.*, pp. 242-243 e tamén N. ARES VAZQUEZ (nota anterior) p. 5

²⁷ Véxase nota 24. R. BARROS SILVELO: *Antigüedades de Galicia*, Coruña, 1875.

²⁸ Marzán deriva de *Martiani*, forma xenitiva dun *possessor Martius* ou *Marcus* (J.M^a PIEL: *Nomes de «possessores» latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa*, Biblos, XXIII, 2, 1947, pp. 322-323). Véxase tamén a nota 17.

²⁹ M. LOPEZ FERREIRO: *Asseconia*, *Galicia Diplomática*, 46, 1883, pp. 337-339; M.D.N.ESTEFANIA ALVAREZ: *Op. cit.*, p. 52; G. ARIAS BONET: *Op. cit.*, p. 75.

³⁰ F. BOUZA BREY: *Prenotando tópicos para el estudio de las vías romanas de Galicia: Iria y Asseconia*, *El Miliario Extravagante*, 5, 1964, pp. 90-99; A. TRANOY: *Op. cit.*, p. 217.

³¹ A única referencia con que contamos para a súa localización é unha carta do Dr. Victoriano Sanchez Latas a M. Macías onde lle dí que o miliario apareceu na parroquia de S. Román de Retorta nun labradío á beira do Camiño Real Santiago-Lugo e que estaba reutilizado como base dun alpendre (M. MACIAS en BCPMO, IV, 1912, p. 172). Outra hipótese explicativa é que o miliario pertencese á vía Lugo-Ourense por Guntín e Chantada, onde xa teñen aparecido pedras miliarias en Entrambasaguas-Guntín (IRPL 96) e en Seteigreixas-Monterroso (IRPL 95).

precisaba de boas vías de comunicación para cumprir axeitadamente coa súa función e que en efecto ten vestixios dunha vía cara o sur³² que seguramente enlazaría coa nosa nalgún punto da zona de Sobrado; por outra parte, a cronoloxía proposta polo seu excavador para o período de ocupación do campamento — principios do século II ata finais do século IV d.C.³³... coincide plenamente coa que nos propoñemos para a vía que tamén neste tramo debeu de ser construída a comezos do século II e posteriormente reparada por Máximo e Máximo no século III. Polo que respecta ó enlace con Iria estamos convencidos de que este se debeu de realizar ó traveso de Santiago. Non hai que esquecer que a cidade conta cuns vestixios romanos importantes³⁴, que Iria se atopa xa algo adentrada no val do Sar e que o camiño natural de penetración cara ó interior é polo amplo e doado val de Amafa e non polo estreito e dificultoso val do Ulla no seu tramo final. Existen ademais vestixios arqueolóxicos antigos dun camiño que desde Padrón subía ata Santiago³⁵. Respecto ó miliario de Gándara non temos a seguridade de que fora atopado *in situ* e incluso as referencias antigas con que contamos para a súa localización orixinaria son incertas e pouco concretas³⁶; aínda aceptando que efectivamente estivese *in situ* consideramos moito mais lóxico e axeitado sumarmos á opinión de A. Tranoy de que pertence a unha vía secundaria Santiago-Ourense (xunto coa ara ós *Lares Viales* de Grava en Silleda — IRG, III, 24)³⁷, que non consideralo como pertencente á vía XIX. No que atinxe á localización das tres mansións comprendidas no traxecto entre Iria e Lugo (*Asseconia*, *Brevis* e *Marcie* ou *Ponte Martiae*) está claro que, tal como demostrou xa hai tempo F. Bouza Brey³⁸, *Asseconia* non é Aixón e que *Marcie* tampouco é Marzán; intuímos que a primeira efectivamente non debe andar lonxe de Santiago (si é que non é a cidade mesma), aínda que as hipóteses de situala en A Sionlla ou en Sigüeiro³⁹ parecennos un pouco fora da ruta indicada; polo demais, non nos

³² J.M. CAAMAÑO GESTO: *Excavaciones en el campamento romano de Ciudadela (Sobrado dos Monxes, Coruña)*, NAH, 18, 1984, p. 238.

³³ J. M. CAAMAÑO GESTO: *La Cohors I Celtiberorum y su campamento romano de Ciudadela (Sobrado dos Monxes-Coruña)*, CEG, XXXV, 1984-85, p. 76.

³⁴ Véxase J. GUERRA CAMPOS: *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del Apóstol Santiago*, Santiago, 1982.

³⁵ M. LOPEZ FERREIRO: *Historia de la S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago, 1898, vol. I, pp. 143-144 e 246-247. Véxase tamén F. BOUZA BREY: *Op. cit.* (nota 30), pp. 92-93.

³⁶ Segundo LOPEZ FERREIRO (*Op. cit.* nota 29) o miliario foi atopado en 1876 «en los contornos de la parroquia de S. Verísimo de Sergude y entre los lugares de Gándara, Deseiro de Arriba y Deseiro de Abajo».

³⁷ A. TRANOY: *Op. cit.*, p. 217.

³⁸ F. BOUZA BREY: *La «villa de Aixón» y la presunta mansión romana de «Pria», Compostellanum*, XV, 1970, pp. 553-557.

³⁹ F. BOUZA BREY: (*Op. cit.* nota 30) e M. FERNANDEZ RODRIGUEZ: *La localización de Asseconia, Compostellanum*, VII, 1962, pp. 660-661.

atreveremos a facer, cos escasos datos con que contamos, ningunha localización hipotética de mansiónes que non deixarían de ser, novamente, hipóteses lanzadas ó ár pero sin ningún tipo de fundamento.

Santiago, Decembro de 1988

ABREVIATURAS

- | | |
|------------|--|
| B. Almeida | C.A. BROCHADO DE ALMEIDA: <i>A rede viaria do Conventus Bracaraugustanus</i> , Minia, 2ª Serie, 2(3), 1979, pp.61-63. |
| Barradas | L.A. BARRADAS: <i>Vias romanas das regiões de Chaves e Bragança</i> , Revista de Guimarães, LXVI, 1956, pp. 159-238. |
| BCPML | Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo. |
| BCPMO | Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense. |
| BRAG | Boletín de la Real Academia Gallega. |
| BRAH | Boletín de la Real Academia de la Historia. |
| CEG | Cuadernos de Estudios Gallegos. |
| CIL II | E. HÜBNER: <i>Corpus Inscriptionum Latinarum</i> , II, Berlín, 1869. |
| DS | CH. DAREMBERG e E. SAGLIO: <i>Dictionnaire des Antiquités Grecques et Romaines</i> , Graz-Austria, 1969. |
| EE | Ephemeris Epigraphica. |
| FORCELLINI | A. FORCELLINI: <i>Lexicon totius Latinitatis. Onomasticon.</i> , vols. V-VI, Padua, 1940. |
| ILER | J. VIVES: <i>Inscripciones Latinas de la España Romana</i> , Barcelona, 1971. |
| IRG | AA. VV.: <i>Inscripciones Romanas de Galicia</i> , Santiago, 1949-1961 |
| IRPL | F. ARIAS VILAS, P. LE ROUX e A. TRANOY: <i>Inscriptions Romaines de la Province de Lugo</i> , Paris, 1979. |
| KAJANTO | I. KAJANTO: <i>The Latin Cognomina</i> , Helsinki, 1965. |
| MARTINS | M. MARTINS: <i>O povoamento proto-histórico e a romanização da bacia do curso médio do Cávado</i> , Tese de Doutoramento inédita, Braga, 1987. |
| MIR | C.CASTAN RAMIREZ: <i>La Moneda Imperial Romana</i> , Valencia, 1985. |
| NAH | Noticiário Arqueológico Hispánico. |
| RIC | H. MATTINGLY e E.A. SYDENHAM: <i>The Roman Imperial Coinage</i> , Londres, 1968. |
| SCHULZE | W. SCHULZE: <i>Zur Geschichte Lateinischer Eigennamen</i> , Berlín, 1966. |




Fig. 1 — Santiso (beis-sada) — Castrofeito — O Pino.




Fig. 2 — Ponte Puñide — Gonzar — O Pino.





Fig. 3 — Miliário de Boimorto.



Vías Romanas no territorio entre Iria e Lugo




Foto 1 — Ara de Santiso (Castrofeito, O Pino).



Foto 2 — Ara ós Lares Viales (Santiso, Castrofeito, O Pino).



Foto 3 — Inscrição funeraria de Castroteito (O Pino).



Foto 4 — Anverso e reverso da moeda de Traxano (Ponte Puñide, Gonzar, O Pino).